



JDA/xmlc

De acordo co establecido na Resolución da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa sobre a realización das **probas de acceso ao curso académico 2020/2021** nos graos elemental e profesional das ensinanzas de música e de danza do 29 de maio, con carácter xeral, a **proba de acceso ao primeiro curso do grao profesional desenvolveranse a través da modalidade non presencial**, agás nos casos que, debido á tipoloxía dos instrumentos ou ás características específicas da proba, esta deba realizarse de xeito presencial, xa que logo, no caso de que exista un número igual ou menor de aspirantes inscritos/as que vacantes publicadas, as probas de acceso ao primeiro curso do grao profesional realizaranse de xeito non presencial, agás naquelas especialidades nas que non sexa posible pola especificidade da mesma. Só no caso de que haxa máis inscritos que prazas ofertadas se deberá realizar a proba con carácter presencial por chamamento único a cada aspirante.

O exercicio correspondente á segunda parte da proba, que consistirá exclusivamente nun exercicio conxunto de lectura rítmica e entoación será elaborado e facilitado por cada centro educativo e será o mesmo, tanto para os aspirantes que deban realizar a proba de xeito non presencial como para os que concorran presencialmente. Este exercicio farase público na web do centro educativo.

Os/as aspirantes deberán enviar ao centro educativo dúas gravacións de vídeo: unha para que sexa avaliada a primeira parte da proba e outra para que sexa avaliada a segunda parte.

Nas gravacións enviadas non se poderá contar con ningún de tipo de acompañamento.

Para a primeira parte da proba os/as aspirantes achegarán unha única toma de cada movemento de cada obra. Poderán realizar unha toma disinta para cada movemento de cada obra, pero sempre realizando unha interpretación continua de cada movemento.

Xunto co envío das gravacións, achegarse unha relación coa indicación dos movementos e compositores das obras interpretadas para a primeira parte da proba.

Para a segunda parte da proba os/as aspirantes unicamente poderán achegar unha toma da realización do exercicio, na que se faga unha execución continua do mesmo.

Cada centro educativo establecerá os formatos de vídeo, así como o tamaño máximo dos arquivos correspondentes. Esta información deberá ser publicada na páxina web de cada centro educativo.

Os centros educativos publicarán na súa páxina web cal será a canle concreta pola que os/as aspirantes que deban realizar a proba de acceso a través da modalidade non presencial deban achegar as gravacións correspondentes, así como os horarios e espazos nos que se levarán a cabo as probas da modalidade presencial, incluíndo as indicacións oportunas que permitan realizar estas probas coas debidas garantías de seguridade nas instalacións do centro educativo.

A persoa aspirante realizará individualmente as distintas partes da proba, que se levarán a cabo durante a mesma sesión no caso da modalidade presencial.

A dirección dos conservatorios profesionais, así como a dos centros autorizados, designará os membros dos tribunais que vulgaran as probas de acceso, tanto para a modalidade non presencial como para a modalidade presencial, podendo establecer as medidas e quendas que sexan necesarias para garantir as debidas medidas de seguridade na celebración das probas de acceso, así como para posibilitar a pertinente valoración das realizadas mediante a modalidade non presencial.

Santiago de Compostela

O subdirector xeral de Aprendizaxe Permanente e Ensinanzas de Réxime Especial

Juan Durán Alonso

CONSERVATORIOS ELEMENTAIS E PROFESIONAIS DE MÚSICA E DANZA
CENTROS AUTORIZADOS ELEMENTAIS E PROFESIONAIS DE MÚSICA E DANZA

 **Xacobeo 2021**

